

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de setembro de 2022
Duración	Desde as 21:09 ata as 22:24 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	NON
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	LUIS M. LOZANO LORENZO (Interventor acctal)	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE AGOSTO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de agosto de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4947/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para explicar este asunto concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen di que estamos ante unha proposta de determinación dos festivos locais para o ano 2023, despois de ser ditaminado pola Comisión Informativa; dito ditame propón que sexan fixados os días 26 e 27 de xuño, coincidentes cos festas patronais, o cal se lle dará coñecemento ao Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Pontevedra.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para anunciar



que o seu grupo votará a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa abstención na votación desta proposta por estar de acordo coa opinión da ACOE, xa que esta prefere que os festivos locais sexan o 27 de xuño e o Martes de Entroido.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que vai a votar a favor, porque o contar con dous festivos xuntos supón para todos os traballadores e traballadoras dous días de descanso seguidos que se agradecen moito.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, Partido Socialista e Mixto (BNG), e a abstención do grupo de MOVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/08/2022, en relación co asunto que se trata a continuación

Visto o Decreto nº 139/2022, de 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral para o ano 2023, publicado no DOG nº 149 de 05/08/2022.

Visto o disposto no artigo 2 do citado Decreto nº 139/2022.

Vista a comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, recibido con data 08/08/2022 (R.E. 2022-E-RC-9090) pola que se solicita a remisión do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2023 deste Concello antes do 15 de setembro do ano en curso.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 17/08/2022.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social en data 17/08/2022.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 24/08/2022.

E, tendo en conta o debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2023, os días 26 e 27 de xuño (coincidentes coas festas patronais "San Paio").

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Pontevedra.

Expediente 3010/2022. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Toma a palabra o **Concelleiro delegado de Facenda**, para explicar que estamos ante a proposta de aprobación da Conta Xeral de 2021 tras a súa exposición pública, sen que se presentase ningunha alegación durante o dito prazo. Di que esta é formada pola Intervención municipal, estando composta por un conxunto de documentos que constitúen a imaxe fiel e real da situación económica deste Concello a final de ano, sendo os documentos máis importantes a Liquidación do Orzamento, a conta de resultados económico patrimonial, os estados de cambio



de patrimonio a neto, a memoria, o balance, etc.

Quere lembrar os números que se desprenden desta Conta Xeral, dos que se desprende que o resultado presupostario axustado supera os dous millóns de euros, un remanente líquido de tesourería que supera os tres millóns de euros e un aforro neto positivo, sendo o máis destacable o peche de cifras finais e un récord en inversións que superan os cinco millóns de euros; ademais, fai mención a un dato destacable, que é que a operación patrimonial sofre un incremento dun millón setecentos mil euros respecto ao exercicio anterior.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen traslada que o seu grupo se absterá na votación desta asunto porque o grupo de goberno está continuamente aprobando orzamentos que son irrealis, deixando fóra do orzamento ingresos e gastos que saben que van a ter, polo que o Concelleiro delegado de Facenda ofrece unha serie de datos que non son reais, xa que, finalmente, o traballo dun Orzamento é saber cantos recursos e gastos se van a ter e se están contemplando tan só un 50%, o que se traduce nun faio do Orzamento. Sobre o resto de cifras aportadas, di que o equipo de goberno se adica a non facer investimentos e, nos comunicados que se fan á prensa, computan os mesmos investimentos no ano 2015 e no ano 2021 (por exemplo, as luminarias no rural) non xerando gastos e que supón máis remanentes, o que non lle parece unha execución atinada porque non se prestan servizos e non se fan investimentos e así se xeran aforros, cando as finanzas públicas deben dar resposta ás demandas da veciñanza.

Polo dito e tendo en conta que estamos ante un documento ben formado e por non querer ser obstáculo para cumprir coas obrigas legais, pero por encerrar unha xestión nefasta deste goberno, o voto do seu grupo será a abstención.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que manterá a súa postura de absterse na votación por considerar que é unha obriga a rendición da Conta Xeral e non estar de acordo cos datos de xestión económica que se reflicten neste documento e que deixan constancia dunha serie de eivas con respecto ao pagamento dunha serie de facturas e por contemplar aforros irrealis e que derivan da non cobertura de necesidades importantes da nosa veciñanza, ademais de falta de fiscalización da Fundación Cultural.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen considera que, debido a que este asunto xa foi suficientemente debatido noutras sesións, só quere engadir que A Estrada ten unha serie de necesidades e que non son obxecto de investimentos, polo que é normal que existan aforros e remanentes, sendo esta a causa da súa abstención na votación.

Non habendo máis intervencións, sométese esta proposta a votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26/08/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o informe favorable da Conta Xeral do Orzamento de 2021 emitido pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 27 de xullo de 2022.

Transcorrido o período legal de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 147, do 3 de agosto último, sen presentarse nese tempo alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo a certificación de Secretaría





asinada con data do 26 de agosto de 2022, previo informe do funcionario encargado do Rexistro municipal de mesma data.

Visto o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

E, tendo en conta o debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2021.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Xestión e Control, o **Sr. Alcalde** advirte da existencia dunha proposta para incluír fóra da orde do día consistente na aprobación da distribución por anualidades do proxecto “Pavimentación Vías Rurais – Plan Concellos 2022-2023”, explicando que se trata dun cambio do proxecto inicial “Construción do campo de fútbol de Veá” que, por motivos de problemas xurdidos durante o trámite da cesión, non se pode levar a cabo, así que, por recomendación da Deputación Provincial, decídese cambialo por este outro de pavimentación de vías rurais co fin de non perder a axuda provinte do Plan Concellos. Xustifica a urxencia desta proposta para poder incluíla fóra da Orde do Día da sesión, en cumprir cos prazos sinalados para que a Deputación poida resolver este cambio de proxecto e podelo incorporar dentro do Plan Concellos e no préstamo solicitado (ao que hai que cambiar a finalidade do mesmo mediante aprobación por acordo plenario).

Pide a palabra o voceiro socialista, **D. Luís López Bueno**, para agradecer que se lle trasladara con antelación a documentación deste expediente, pero debido a que este asunto terá que volver a ser tratado neste Pleno por unha mala xestión do grupo de goberno, se absterá na votación.

Intervén a voceira de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para transmitir que non lle quedou moi claro o por que non se tratou antes este tema, xa que considera que se supoñía que isto ía pasar e se podía haber levado á Comisión Informativa correspondente.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna Susana Camba Castro**, se suma ao dito pola voceira do grupo de MOVETE.

O **Sr. Alcalde** lles explica que, nun principio, se había elaborado o proxecto para o campo de fútbol de Veá e este foi remitido no pasado mes de marzo á Deputación para optar á subvención do Plan Concellos, este organismo, unha vez revisada a documentación, pídenos un documento relativo á cesión do terreo ante notario, o cal se fixo fai dúas semanas e, cando se estaba con dito trámite, decatámonos que a propiedade desa fica é do Club de Fútbol pero existía un dereito de usufruto a favor da Asociación de Veciños de Sta Cristina de Veá, polo que consultada á mesma esta manifesta que non está de acordo cunha cesión indefinida senón cun límite de 25 anos, e así se fixo, pero a Deputación considera que non se cumpren coas Bases da convocatoria porque a cesión ten que ser indefinida, segundo requirimento recibido este pasado luns; ante o sucedido decídese cambiar o proxecto para o de pavimentación de vías rurais, deste xeito o que hai que financiar con fondos propios se fará con cargo ao préstamo concertado, así se fixo chegar á Deputación e esta pídenos que se faga unha distribución plurianual do importe do dito proxecto, para elo hai que tramitalo e aprobalo polo Pleno e, debido ao prazo concedido, non é posible esperar á seguinte sesión plenaria, sendo esta a causa da urxencia.





Procédese á votación da urxencia deste asunto, sendo aprobada polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG). Sendo aprobada por maioría, procédese a incluír a seguinte proposta na Orde do Día desta sesión:

Expediente 1370/2022. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN VÍAS RURAIS - PLAN CONCELLOS 2022-2023"

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar a súa opinión de que estamos ante unha negligencia do grupo de goberno por non adicarlle tempo ao análise das cuestións, neste caso unha xestión tan simple como presentar un proxecto ao Plan Concellos; polo que lle sorprende a explicación do Sr. Alcalde e que deixa constancia de que non se leu a convocatoria antes de presentar o proxecto, senón serían sabedores da obriga da titularidade do terreo do campo de fútbol de Veá e non estaríamos na situación na que estamos hoxe, facendo un dos maiores ridículos, gustándolle saber quen foi a persoa responsable desta tramitación, porque non é a primeira vez que este Concello fai mal o trámite de solución de fondos públicos. Ademais, nota a falta de que se faga referencia a determinadas cuestións que no mes de abril do 2011 o grupo de goberno anunciaba, como a participación da Federación Galega de Fútbol neste proxecto, se embargo agora os veciños e veciñas terán que asumir a reforma deste campo de fútbol, polo que lle gustaría saber se a nomeada Federación vai a seguir mantendo a súa colaboración económica con este proxecto, sobre todo cando están disfrutando e utilizando instalacións municipais.

Finalmente, entendendo a necesidade de acometer este proxecto do campo de fútbol de Veá e que esta proposta que estamos a tratar débese a un erro na xestión municipal, o seu grupo vaise a abster na votación.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para dicir que estamos ante un tema o suficientemente importante como para traelo fóra da Orde do Día por urxencia, saltando o previo sometemento á Comisión Informativa correspondente para o seu estudo máis exhaustivo; pero considera que estamos ante o produto dunha mala xestión e, sumándose ao dito polo voceiro socialista, traslada que o seu grupo se absterá na votación.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, para sumarse ao dito nas anteriores intervencións e trasladar a súa abstencións na votación.

Non habendo máis intervencións, procédese a votación desta proposta, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 31/08/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vistas as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS 2022-2023), da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no



BOP nº 230 de 27 de novembro de 2021.

Visto o proxecto redactado polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Órrea Corral "PAVIMENTACIÓN VIAS RURAIS NO CONCELLO DA ESTRADA-PLAN CONCELLOS 2022-2023", aprobado por resolución de alcaldía n.º 2022-1256, de 30 de agosto.

Visto que, o conflito que se está a vivir coa guerra en Ucraia está provocando importantes subidas de prezo no aluminio e nos produtos asfálticos; polo que, co obxecto de manter os prezos e polo tanto a viabilidade dos proxectos, deberíanse adxudicar o nomeado proxecto o antes posible.

Tendo en conta os prazos necesarios para a aprobación do proxecto polo ente Provincial, así como o posterior procedemento de contratación, estímase que a execución das obras poderían iniciarse non antes do mes de novembro de 2022, de xeito que, en atención aos prazos de execución, dividíronse os proxectos en 2 anualidades.

Vista a resolución de alcaldía n.º 2022-1258, de 30 de agosto, pola que se solicita unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 435.328,39 €, ao abeiro da Liña 1, Investimentos do PLAN CONCELLOS 2022-2023, para levar a cabo o Proxecto plurianual denominado "PAVIMENTACIÓN VIAS RURAIS NO CONCELLO DA ESTRADA-PLAN CONCELLOS", a executar nas seguintes anualidades:

- ANUALIDADE 2022: 60.708,08 €
- ANUALIDADE 2023: 374.620,31 €

Visto que o antedito proxecto, segundo a Base 8.1 das bases da convocatoria do Plan de Obras e Servizos, deberá de cumprir os límites para os gastos plurianuais.

Visto que o punto 5 do artigo 174 do TRLRHL establece a competencia do Pleno para que, en casos excepcionais, se poda acordar ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes do punto terceiro do mesmo artigo:

<<...3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por ciento ; en el segundo ejercicio, el 60 por ciento, y en el tercero y cuarto, el 50 por ciento....>>

Visto o informe de fiscalización, previa limiada de requisitos básico, emitido con data 31/08/2022 pola Intervención municipal.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adoptáse, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a seguinte distribución por anualidades 2022-2023 do proxecto PAVIMENTACIÓN VIAS RURAIS - PLAN CONCELLOS 2022-2023, aos efectos de modificar as porcentaxes que sobre os compromisos de carácter plurianual se recollen no artigo 47.2 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

- ANUALIDADE 2022: 60.708,08 €
- ANUALIDADE 2023: 374.620,31 €

Pregunta o **Sr. Alcalde** se hai algunha outra moción de urxencia, e non habendo, continúaase co disposto na orde do día desta sesión.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 1950/2022. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE RESUMO ANUAL DO CONTROL INTERNO 2021 E DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS PRESENTADOS AO CONSELLO DE CONTAS 2021

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/08/2022, en relación co asunto que se detalla de seguido.

Visto que, con data 18/08/2022, foi remitido á Alcaldía-Presidencia pola Intervención municipal o resultado do Informe resumo anual do control interno 2021, e a relación de acordos contrarios aos reparos do exercicio económico 2021 presentados ante o Consello de Contas.

Vista a documentación que consta no expediente e, en virtude do establecido no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local,

DÁSE CONTA:

Da seguinte documentación:

- Informe resumo anual do control interno 2021, rexistrado na IGAE o día 12 de abril de 2022, con número de referencia INF-L01360176-2021-006636.
- Relación de acordos contrarios ao reparos formulados pola intervención no exercicio 2021, remitidos ao Consello de Contas o día 30 de maio de 2022, con número de rexistro 2022-E-RC-1372.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 12 DE AGOSTO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 12 de agosto de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1086 ao número 2022-1186, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir, en relación coa dación de conta do informe resumo anual do control interno correspondente ao exercicio 2021, que é reflexo da xestión



desastrosa do equipo de goberno, de feito se pagan facturas incluso de xeito verbal, se fraccionan contratos (de feito neste informe requírese un plan de acción ao propio Alcalde nun prazo de 3 meses), etc. Ante o dito, prega que sexan subsanados estes comportamentos e se solucione o desastre e a desorganización deste Concello, cando menos na parte de xestión económica; ademais, requírelle ao Sr. Alcalde que leve adiante ese plan de acción que lle pide o nomeado informe, intentando actuar contando coa opinión da oposición e que debata dito plan de acción.

Continúa rogando que se resolva o problema que ten un veciño de San Miguel de Castro cun camiño de titularidade municipal que linda coa súa finca, xa que leva moito tempo requirindo varias cuestións sen que se lle atenda.

En relación ao contrato de enerxía eléctrica deste Concello, lembra que o seu grupo solicitara, nunha anterior sesión plenaria, copia do informe que nese momento estaba pendente de incorporar ao expediente, sen embargo, a día de hoxe e xa fai 2 meses, aínda non se lle facilitou, polo que prega que se lle faga chegar.

En canto a un rogo feito en anteriores sesións sobre o vertedoiro de augas no lugar de Barco provenientes da estrada que o une con Pontevea, pregunta se xa se fixo algunha actuación.

O **Sr. Alcalde** responde a esta última pregunta que foron alí os técnicos municipais e aínda non se fixo nada.

Continúa o **Sr. López Bueno** reiterando un rogo xa feito no Pleno anterior para que se arranxe e repaña unha sinal de tráfico existente en Santo André de Veá, no cruce que vai cara a Vera, antes da taberna.

Informa que hai unha serie de demandas da Asociación Entre as Pontes que necesitan ser resoltas, sobre tendo en conta que se trata dunha área recreativa moi concorrida, tales como a dotación de máis contedores de lixo e tamén de recollida selectiva e a mellora do servizo de recollida de lixo, polo que insta ao grupo de goberno que solucione este problema ante a mala imaxe que se está dando do Concello da Estrada. Outra cuestión, en relación con esta área recreativa e de baño, é a necesidade de situar unha oficina de turismo ante a visita de miles de turistas que pasan diariamente por esa zona.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para, en primeiro lugar, trasladar un rogo dos veciños e veciñas de Codeseda para que se arranxe un tramo da beirarrúa onde existe un buraco, en concreto, un pouco antes de chegar á panadería, e, mentres non se arranxe, que se sinale dito buraco para evitar accidentes.

Tamén informa das queixas dos veciños e veciñas de Curantes porque cos traballos de asfaltado que se fixo na dita parroquia as pistas quedaron moi estreitas e cunhas cunetas mi grandes, polo que tan só colle un vehículo e se se cruzan dous non hai lugar a manobras, polo que prega que se atenda esta queixa. En canto aos bancos que se colocaron no casco urbano, di que estes contan cunhas xardineiras e que están baldeiras, polo que pregunta cando se van a colocar plantas nas mesmas.

Pregunta que se vai a facer cos outros bancos que foron retirados para colocar os novos.

O **Sr. Alcalde** responde que os bancos retirados vanse a recolocar, previo o seu arranxo, en diferentes parroquias, previas solicitudes feitas por algunhas delas, e tamén algunhas outras zonas do casco urbano, todo elo coa previa realización dun plan de recolocación.

En canto as xardineiras cos que contan os novos bancos, di que o tempo tan seco que estamos a sufrir non é o adecuado para a colocación de plantas, pero se tivo unha reunión a semana pasada para programar que tipo de plantas son as



adecuadas para eses espazos e que non necesiten de moito mantemento e sexan de agradable estética, polo que espera que nas vindeiras semanas se poida emprender a colocación de plantas nesas xardineiras dos novos bancos de asento, ao igual que noutras zonas do casco urbano.

En canto ás pistas de Curantes, informa que se tratan camiños que estaban feitos con rego asfáltico e que as cunetas estaban ocupadas pola vexetación dando sensación de máis anchas, pero os técnicos mediron moi ben cada un dos camiños mantendo a súa anchura, só que ao abrir as cunetas a sensación é de máis estreitas; ademais, como antes as cunetas estaban cubertas e sen limpar os vehículos podían pasar sen problema, agora ao estar limpas pois observase que son fondas. Reitera que a anchura non se modificou.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para lembrar que na sesión anterior había solicitado información sobre se se lle dera resposta a un escrito presentado por un veciño da rúa San Paio sobre un deslinde dunha finca cun camiño municipal, sen que se lle puidera dar resposta, polo que reitera esa pregunta.

Contesta o **Sr. Alcalde** que estamos ante unha cuestión que máis que urbanística e civil, porque o Plan Xeral contempla toda esa zona como solo urbanizable non estando trazado ningún viario público, estando ante un conflito antigo entre propietarios por causa dun paso de servidume e que non está moi claros nos títulos de propiedade, polo que se lle trasladou a dito veciño que se trataba máis ben dun expediente a resolver pola vía civil onde o Concello non pode entrar nin ten competencia. En todo caso, vai a informarse no departamento de Urbanismo e se lle informará mellor sobre esta cuestión.

Continúa a **Sra. Camba Castro** para informar que os veciños de Ribeira de Abaixo se puxeron en contacto con ela para que solicite a limpeza dunha leira afectada como masa común e que están a tapar uns muíños alí existentes.

Pide que se retiren os valos existentes nalgunhas rúas do casco urbano e que foron colocados cando se iniciou a reurbanización, tales como os existentes na rúa que sube cara ao edificio da Policía Local, na rúa Gradín e outras, e se proceda á colocación da sinalización vertical.

O **Sr. Alcalde** lle informa que, dentro do Plan Concellos, existe un proxecto aprobado para o cambio de toda a sinalización urbana, o cal está pendente de licitación, o que está a paralizar a colocación de novas sinais porque non ten sentido gastar diñeiro agora cando dentro de pouco tempo se acometerá a licitación da contratación do nomeado proxecto e que espera que sexa durante o vindeiro mes de setembro.

A **Sra. Camba Castro** pregunta cales foron os criterios que se seguiron á hora da colocación dos espazos de aparcamento na rúa do Muíño, porque se puxeron onde máis entradas de garaxes hai, reducíndose a máis da metade as prazas.

O **Sr. Alcalde** di que foron criterios técnicos os que determinaron o establecemento desas prazas de aparcamento, polo que lle preguntará ao técnico municipal sobre este tema.

A **Sra. Camba Castro** informa da necesidade de colocar unha limitación de velocidade no lugar de Agrelo da parroquia de Rubín, en concreto na N-640, polo que prega que se inste a Fomento para a súa colocación, porque as veciñas e veciños desta zona están moi preocupados polo perigo que representa.

O **Sr. Alcalde** lle pide que comunique aos veciños e veciñas deste lugar que é necesario que a petición se efectúe por escrito.



A **Sra. Camba Castro** di que xa o fixeron.

O **Sr. Alcalde** di que se intentará localizar ese escrito e se reenviará a Fomento xunto coa petición deste Concello.

Así mesmo, a **Sra. Camba Castro** traslada outras peticións da veciñanza do nomeado lugar, como a colocación de contedores amarelos e que se proceda a localizar á persoa propietaria dunha casa abandonada para instala a limpar a maleza que invade dita vivenda e a súa contorna, aos ditos efectos vailles pedir os datos de localización para trasladarlle á Alcaldía.

Con motivo da existencia dun contedor de papel en mal estado diante do CEIP Pérez Viondi, prega que se substitúa por outro.

Para rematar coa súa intervención, lembra que fai un ano, aproximadamente, o seu grupo instou ao grupo de goberno para que falara co propietario da Torre de Guimarei co fin de que tomase medidas ante o estado de deterioro na que se atopa, non entendendo o por que o dono non ha feito nada ao respecto; polo tanto, lle pide ao grupo de goberno que inste novamente a esta persoa para que proceda á realización deses traballos de recuperación e mantemento da Torre de Guimarei.

O **Sr. Alcalde** lle informa que se tivo un par de reunións co propietario e, a limpeza de desbroce da finca (na contorna do pazo, da torre e a carballeira, así como dentro das edificacións) fíxose inmediatamente; sen embargo, no que respecta á parte das edificacións comunicounos que se redactou un informe no que consta que non existe ningún risco estrutural (informe que non consta no Concello). A pesares do anterior, di que dende o Concello se lle seguirá insistindo e, en caso de que exista un risco real, abrírase un expediente urbanístico de reposición da legalidade para que se proceda polo propietario a tomar as medidas oportunas e correctoras.

A **Sra. Camba Castro** entende que, se non hai ningún problema estrutural, non existe perigo de derrube, polo que debería existir un horario de visitas tal e como marca a lei.

O **Sr. Alcalde** responde que se lle trasladará ao propietario.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Pide a palabra **Dna. Balbina Martínez Ramallal** (DNI: [REDACTED]) para dicir que, en relación coa leira da Avda da Torre, non veu a publicación no BOE da notificación ás persoas propietarias da mesma para que procedan a súa limpeza. Así mesmo pregunta cantos son os metros de distancia que teñen que gardar os carballos das vivendas.

Ademais, pregunta por que non se colocou o cadeado no portal de entrada da dita leira, o cal foi quitado para entrar para limpar.

Por último pide que se limpe o po das vigas do Salón de Plenos.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que, despois de publicar a notificación no BOE, se puido localizar a un dos propietarios da nomeada leira (en torno ao 17 de xullo pasado), o cal comunica que se procederá á limpeza da dita finca; así mesmo a empresa encargada da poda do arborado alí existente comunicanos que cando comezaba as labores de limpeza a Garda Civil lle obrigou a paralizar ditos traballos por risco de incendios, os cales se reanudarán unha vez dito perigo remita, comunicándollo



ao Concello.

Polo dito, di que por fin existe unha persoa responsable da limpeza desa finca e parece que asumirán ditos traballos de xeito inmediato.

En canto á pregunta sobre a distancia legal que debe existir entre os carballos e a maleza das vivendas, lle recomenda que consulte a Lei de Incendios, a cal establece que as árbores non frondosas deben estar a un mínimo de 50 metros das vivendas e as frondosas non entran dentro desa limitación, salvo que non poden invadir outras propiedades colindantes; en canto á limpeza da maleza é obrigatoria.

Pide a palabra **D. Ángel Amor Bergueiro González** (DNI [REDACTED]) para, en primeiro lugar, dar as grazas polos traballos de asfaltado da Avda de Santiago, sen embargo, quere lembrar que, en reunións mantidas co Concello, se acordara mellorar a seguridade na saída dos garaxes, a este respecto algunha saída foi mellorada, pero nunha maioría se segue co mesmo problema cos correspondentes riscos de accidentes, pregando que sexa solucionado.

Así mesmo, traslada que, nalgunhas saídas de garaxe, o pavimento está levantado, sobre todos nos números 96 e 98, e, aínda que o responsable das obras dixo que se ía a arranxar, a día de hoxe e despois dun ano este problema persiste, polo que pide que se solucione.

Tamén solicita que se desbroce a zona de novo aparcamento, porque dende que se fixo non se procedeu á súa limpeza.

Roga que sexan substituídas as sinais de tráfico, sobre todo nos pasos de peóns e as de límite de velocidade.

Comunica a falta de iluminación pública, porque, dende que se puxeron as novas luminarias led, a potencia e moi baixa dificultando a boa visibilidade e, se se engade as medidas de aforro enerxético impostas, se multiplican os roubos nesta Avda de Santiago así como na Avda da Cultura.

Por outra banda, di que as tapas existentes nas beirarrúas son de plástico e se rompen con facilidade co risco que supón, a Policía Local se limita a poñerlles un cono enriba e que desaparece aos poucos días, polo dito considera importante que sexan substituídas por outras máis seguras e de metal.

Informa que se continúa nesta avenida co problema dos excesos de velocidade dos vehículos que por ela circulan, de feito todas as noites hai carreiras sen que exista vixilancia policial a pesares das queixas presentadas ante a Policía Local, polo que pide, en nome da Asociación de Veciños da Avda de Santiago, que se coloque un radar fixo ou outro sistema que evite que os vehículos circulen a gran velocidade por este avenida e pola de Cultura, de feito han comprobado que hai noites que os coches alcanzas os 90 quilómetros/horas nunha zona limitada a 40, existindo un grave risco de accidentes.

Pregunta cando se vai a realizar a obra do parque infantil de Figueroa, inversión prometida anteriormente.

Solicita a colocación dos bancos de asento, retirados dos casco urbano, na a zona do CEIP de Figueroa e noutros puntos da Avda da Cultura.

Finalmente, comunica da existencia dunha caldeira industrial na zona que a partir das cinco da mañá empeza a funcionar, causando o problema de que o fume e o cheiro que provoca afecta a toda a veciñanza, sobre todo agora que se durme coas fiestras abertas debido ao calor, polo que pide que o Concello investigue o que está a pasar.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** agradecendo as aportacións do Sr. Bergueiro González á vez que di que é sabedor que a Avda de Santiago, ao igual que outros puntos do casco urbano, requiren da atención municipal, polo que se intentará, na medida do posible, dar resposta a esas demandas, lembrando que moitas das presentadas en diferentes reunións foron acometidas, de feito cre que agora mesmo a Avda de Santiago a mellorado moito. Informa que proximamente vaise a acometer a mellora do tramo desta avenida que vai dende a rotonda ata a Avda



de Pontevedra, e así, pouco a pouco, ir dando resposta a todas as peticións por orde de importancia. Quere trasladar que existe un proxecto en marcha para a sinalización de todo o casco urbano, incluída a limitación de velocidade.

En canto ao parque infantil, di que hai un proxecto por importe de en torno a 40.000,00 € para acometer esta obra, agora hai que buscar os fondos necesarios para a súa execución.

No que respecta a iluminación pública, di que non ten constancia de que exista unha orde para o apagado selectivo da mesma, polo que pensa que pode ser un faio, así que se investigará a causa dese apagado e se solucionará.

En canto á necesidade de limpeza da nova zona de aparcamento, antes de nada quere agradecer ao propietario da finca que a cedeu gratuitamente para facer o aparcadoiro, e di que dará as ordes para que se procede a súa limpeza e desbroce perimetral, aínda que as planificacións están feitas.

No que se refire á mellora de visibilidade na saída dos garaxes, deuse resposta a todas as peticións realizadas, de feito foise unha segunda vez para o repintado máis amplo das zonas de saída e así aumentar o perímetro dos vados; a pesares diso, entende que aínda pode quedar algunha entrada se cubrir, pero reitera que se arranxaron todas as que se comunicaron.

Sobre a limitación de velocidade, a colocación dun cinemómetro ou radar é inviable porque, a día de hoxe, non hai proxectada ningunha actuación ou previsión para este fin en ningún lugar do noso municipio, polo que se intentará mellorar a sinalización vertical e reforzala coas outras sinais existentes.

Finalmente, di que as demandas presentadas son xustas e espera estar á altura á hora de darlles resposta na medida do posible, ao igual que noutros puntos do casco urbano e do rural, pero hai que ser conscientes de que os recursos son limitados e, polo tanto, hai que analizar o prioritario á hora de facer inversións, pero non quedan no esquecemento, porque este equipo de goberno demostra que é sensible ante todas as peticións e seguirá buscando solucións a todas elas.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte e catro minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións. De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

